

**Programación Didáctica**

**ESA**

**Módulos 3/4**

**Ámbito de Comunicación**

**(Lingua Castelá e Literatura  
Lingua Galega e Literatura)**

**Curso 2023-2024**

## **Módulo 3**

1. Introducción.
2. Obxectivos e contribución ás competencias clave.
3. Relación de unidades didácticas.
4. Criterios de avaliación.
5. Concrecións metodolóxicas.
6. Materiais e recursos didácticos.
7. Criterios de cualificación e recuperación.

## Módulo 3

### 1. Introducción

O currículo da Educación Secundaria para persoas adultas pretende ofrecer unha formación integral e equilibrada, porque incorpora componentes formativos asociados á comunicación, ás humanidades e ás ciencias e á tecnoloxía.

O Ámbito de Comunicación (un dos tres ámbitos de coñecemento en que se organiza a ESA) inclúe tres materias: Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura e primeira Lingua Extranxeira (inglés). O estudo coordinado das tres linguas contribuirá ao logro dunha competencia plurilingüe e pluricultural, fonte de enriquecemento persoal e social, xa que contribuirá á tolerancia, á interculturalidade e á mellora da promoción e integración social das persoas adultas.

As materias lingüísticas teñen como obxectivo principal o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado nas súas vertentes pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe achegar as ferramentas e os coñecementos que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e escrita para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da linguaxe reside na aprendizaxe das destrezas discursivas en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos, tanto dos elementos formais, como das normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes ámbitos. A reflexión literaria a través da lectura e a comprensión e interpretación de textos significativos da literatura española ou extranxeira, favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa do alumnado, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

O primeiro dos obxectivos da materia oriéntase cara o recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de España e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de

aprecio á devandita diversidade, de combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e de estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refírese á producción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral; o cuarto, coa comprensión lectora e o quinto, coa expresión escrita. A aprendizaxe da lectura estivo durante séculos vinculada de maneira case exclusiva coa lectura literaria, aínda que hai décadas que os enfoques comunicativos subliñan a necesidade de ensinar a ler todo tipo de textos, con diferentes propósitos de lectura. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén navegar e buscar na Rede, seleccionar a información fiable, elaborala e integrala en esquemas propios coa finalidade de transformala en coñecemento. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o séptimo e o oitavo se reservan para a lectura literaria, tanto autónoma coma guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todas eles.

## **2. Obxectivos e contribución ás Competencias Clave**

OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural (CCL, CP, CCEC).

OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer (CCL, CD, CP, CCEC).

OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais (CCL, CD, CP, CPSAA, CCEC)

OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contenido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento (CCL, CP, CPSAA, CCEC).

OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas (CCL, CD, CPSAA).

OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual (CCL, CD, CPSAA)

OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura (CCL, CPSAA, CCEC).

OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria (CCL, CC, CPSAA, CCEC).

OBX9- Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura das linguas castelá e galega e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de producción oral e escrita coma de recepción crítica (CCL, CP, CPSAA).

OBX10- Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe (CCL, CPSAA, CC, CCEC).

### **3. Relación de unidades didácticas**

- **Primeira avaliación**

1. Historia da lingua galega.

- Orixe e formación do galego.
- Historia social do galego até 1916.
- O portugués e os países da lusofonía.
- Sociolingüística do galego.
- Variedades xeográficas da lingua galega e o galego estándar.
- Prexuízos asociados á lingua galega.

2. Apuntuación e a cohesión textual. Normas de acentuación. Morfoloxía.

- A puntuación e a cohesión textual.
- Acentuación.
- Morfoloxía. As categorías gramaticais.
- Substantivo, adjetivo.
- Determinantes. Pronomes.
- Verbo. Adverbio, preposición, conjunción.

3. Semántica.

- Sinonimia y antonimia.
- Homonimia y polisemia.
- Campo semántico y campos conceptuales.

- **Segunda avaliación**

4. Tipos de textos.

- Textos literarios versus no literarios.
- Textos expositivos.
- Traballo académicos.

- Técnicas de estudio.
- Técnicas de redacción de textos. La adecuación, la coherencia, la cohesión.

## 5. Historia da literatura galega

- A lírica medieval.
- Cantigas de amor. Cantigas de amigo. Cantigas de escarnio e maldicir.
- Cantigas de Santa María.
- A prosa na Idade Media.
- Os Séculos Escuros.
- Precursors e Rexurdimento.

## 6. Historia de la literatura castellana

### 6.1 Edad Media

- La poesía lírica tradicional.
- Poesía narrativa medieval.

### 6.2 Renacimiento (siglo XVI).

- Poesía renacentista. Narrativa renacentista.

### 6.3 Barroco (siglo XVII).

- La poesía barroca. La comedia nacional.

### 6.4 Neoclasicismo (siglo XVIII).

### 6.5 Romanticismo (siglo XIX).

### 6.6 Realismo y naturalismo.

## 4. Criterios de avaliação

- Identificar as categorías gramaticais e comprender o seu funcionamento na organización do discurso desde o punto de vista da forma e do significado (a orde das palabras e os diversos tipos de relacóns que se establecen entre elas).
- Coñecer e utilizar para o enriquecemento das súas produccóns textuais as relacóns que se establecen entre as palabras segúن os seus significados.
- Coñecer o funcionamento da lingua como un sistema e identificar as súas unidades en cada nivel: os sons, as grafías, as sílabas e as palabras, os sintagmas e as oracóns. Coñecer e aplicar ás súas produccóns textuais as normas ortográficas e sintácticas dos sistema lingüísticos castelán e galego.

- Elaborar conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos, respondendo a diferentes propósitos de lectura.
- Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.
- Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos.
- Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.
- Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.
- Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e paradigmas, a interpretación de fragmentos ou obras completas, tendo en conta a análise das relacións entre os seus elementos constitutivos co sentido da obra e os trazos xeráis da configuración dos xéneros e subxéneros literarios.
- Recoñecer as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, identificando as nocións básicas das linguas, tanto de España como as que forman os repertorios lingüísticos do alumnado, e contrastando algúns do seus trazos en manifestacións orais, escritas e multimodais.
- Identificar prejuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna.
- Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua e a manipulación a través da palabra, a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.

## 5. Concrecións metodolóxicas

O Ámbito da Comunicación pretende desenvolver de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que permitan acadar ao alumnado os obxectivos da etapa. Isto require partir do nivel competencial previo do alumnado para acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e

aplicable á realidade. No ensino de adultos á avaliación inicial é especialmente importante, porque habitualmente que nos grupos coincide alumnado con moi diversas circunstancias e competencias reais. Aínda que se pretenda deseñar unha metodoloxía activa, que estimule a dimensión investigadora do alumnado, a través de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, é frecuente que moitos destes alumnos/as precisen dun maior acompañamento e guía. Por esta razón será necesario deseñar métodos diferenciados que den resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe.

A división do currículo da ESA en ámbitos de coñecemento propicia o tratamiento interdisciplinar e coordinado das materias, neste caso lingüísticas, de forma que o alumnado poida relacionar e extrapolar os coñecementos adquiridos no estudo das tres linguas, evitando, ademáis repeticións tediosas.

No ámbito de comunicación terán un papel destacado todas as actividades deseñadas para fomentar a mellora da comprensión lectora e por tanto, o hábito lector:

-Lectura de textos de diferentes xéneros discursivos para captar a información esencial, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta comprensión, recoñecer a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura e interpretar os fragmentos propostos tendo en conta as súas características formais e temáticas.

- Lectura comprensiva e expresiva de textos pertencentes aos distintos xéneros literarios (lectura compartida, recitado de poemas, dramatización de textos dialogados), acompañados de estratexias de comprensión lectora, como a aclaración dos propósitos de lectura, a activación dos coñecementos previos dos estudiantes, a atención aos contidos principais do texto e a formulación de predicións de lectura.

- Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

- Exercitación de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios e non literarios a través de tarefas secuenciadas e guiadas referidas á forma e ao contido dos fragmentos propostos.

## 6. Materiais e recursos didácticos

- Materiais didácticos elaborados ou facilitados polo profesorado.
- Unidades didácticas de Educación para persoas adultas da Consellería de Educación.
- Vídeos e presentacións. Recursos da biblioteca do centro.
- Selección de fragmentos, textos ou obras completas de lectura.
- Boletíns con actividades de reforzo, ampliación ou recuperación.
- As aulas dipoñen de ordenador conectado a unha pantalla dixital.

## **7. Criterios de cualificación e recuperación**

### **- Criterios de cualificación**

- En cada un dos dous cuadrimestres realizaranse varias probas escritas.
- Nestas probas escritas avaliaranse as actividades traballadas nas aulas, incluíndo as lecturas e a comprensión e produción de textos de diversa tipoloxía, non só literarios.

**1<sup>a</sup> avaliación: 24 de novembro / 2<sup>a</sup> avaliación e final: 9 de febreiro**

- A cualificación en Lingua Castelá e Literatura e Lingua Galega e Literatura en cada unha das dúas avaliacións será a media aritmética das obtidas nas probas obxectivas escritas.
- A cualificación final será a media das cualificacións das dúas avaliacións.
- Ás cualificacións de cada avaliación e ás finais aplicarase lle un redondeo á alza a partir do número enteiro seguido de 0,51.

- A calificación definitiva do Ámbito de Comunicación establecerase ponderando as cualificacións de Lingua Castelá, Lingua Galega e Primeira Lingua Extranxeira nas seguintes porcentaxes:

Lingua castelá e literatura	70%
Primeira lingua extranxeira (inglés)	30%

### **- Criterios de recuperación**

- Despois da primeira avaliación, e antes da avaliación final, o alumnado poderá realizar probas de recuperación das partes suspensas.
- O alumnado de ESA 3 que non acade avaliación positiva no Ámbito de Comunicación (coma en calquera outro) poderá matricularse condicionalmente no módulo 4, pero para poder ser avaliado de módulo 4 deberá superar a materia do 3 na avaliación extraordinaria de maio, que será convocada segundo o calendario que determine xefatura de estudos.

## **Módulo 4**

1. Introducción.
2. Obxectivos e contribución ás competencias clave.
3. Relación de unidades didácticas.
4. Criterios de avaliación.
5. Concrecións metodolóxicas.
6. Materiais e recursos didácticos.
7. Criterios de cualificación e recuperación.

## Módulo 4

### 1. Introducción

O currículo da Educación Secundaria para persoas adultas pretende ofrecer unha formación integral e equilibrada, porque incorpora compoñentes formativos asociados á comunicación, ás humanidades e ás ciencias e á tecnoloxía.

O Ámbito de Comunicación (un dos tres ámbitos de coñecemento en que se organiza a ESA) inclúe tres materias: Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura e primeira Lingua Extranxeira (inglés). O estudo coordinada das tres linguas contribuirá ao logro dunha competencia plurilingüe e pluricultural, fonte de enriquecemento persoal e social, xa que contribuirá á tolerancia, á interculturalidade e á mellora da promoción e integración social das persoas adultas.

As materias lingüísticas teñen como obxectivo principal o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado nas súas vertentes pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe achegar as ferramentas e os coñecementos que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e escrita para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da linguaxe reside na aprendizaxe das destrezas discursivas en diversos ámbitos: o das relacóns persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos, tanto dos elementos formais, como das normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes ámbitos. A reflexión literaria a través da lectura e a comprensión e interpretación de textos significativos da literatura española ou extranxeira, favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa do alumnado, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

O primeiro dos obxectivos da materia oriéntase cara o recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de España e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, de combater prejuízos e estereotipos lingüísticos e de

estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refírese á producción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral; o cuarto, coa comprensión lectora e o quinto, coa expresión escrita. A aprendizaxe da lectura estivo durante séculos vinculada de maneira case exclusiva coa lectura literaria, aínda que hai décadas que os enfoques comunicativos subliñan a necesidade de ensinar a ler todo tipo de textos, con diferentes propósitos de lectura. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén navegar e buscar na Rede, seleccionar a información fiable, elaborala e integrala en esquemas propios coa finalidade de transformala en coñecemento. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o séptimo e o oitavo se reservan para a lectura literaria, tanto autónoma coma guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todas eles.

## **2. Obxectivos e contribución ás Competencias Clave**

OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prejuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural (CCL, CP, CCEC).

OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer (CCL, CD, CP, CCEC).

OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais (CCL, CD, CP, CPSAA, CCEC)

OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contenido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento (CCL, CP, CPSAA, CCEC).

OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas (CCL, CD, CPSAA).

OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual (CCL, CD, CPSAA)

OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura (CCL, CPSAA, CCEC).

OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria (CCL, CC, CPSAA, CCEC).

OBX9- Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura das linguas castelá e galega e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de producción oral e escrita coma de recepción crítica (CCL, CP, CPSAA).

OBX10- Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe (CCL, CPSAA, CC, CCEC).

### 3. Relación de unidades didácticas

- **Primeira avaliación**

#### 1 El uso social de las lenguas

- Variedades diafásicas y diastráticas.
- La prosodia y el lenguaje no verbal.
- Los medios de comunicación audiovisual. El lenguaje radiofónico y televisivo.
- Sociolingüística da lingua galega.
- Historia social da lingua galega dende 1916.
- Bilingüismo ou diglosia: as interferencias lingüísticas.
- As funcións da lingua.

#### 2. Léxico e semántica

- Estrutura da palabra.
- Organización del léxico en castellano y gallego.
- Semántica. Palabras tabú e eufemismos.
- Acentuación.
- Grafías. Grupos consonánticos. Homófonos.
- Repaso de signos de puntuación.

#### 3. Historia da literatura galega do século XX

- A poesía, a prosa e o teatro no primeiro terzo do século XX.
- A poesía, a narrativa e o teatro entre 1936 e 1976.
- A literatura do exilio entre 1936 e 1976.
- A literatura galega dende 1976.

- **Segunda avaliación**

#### 4. Sintaxe e construcción textual:

- Os sintagmas. Enunciados y oraciones.

- Estrutura sintáctica da oración simple. Complementos do predicado.
- Clasificación de la oración según la naturaleza del predicado.
- Textos administrativos, lexislativos e xurídicos.
- Textos periodísticos
- Textos argumentativos.
- Técnicas de redacción de textos. A cohesión grammatical.

## 5. Historia de la literatura castellana del siglo XX

- Modernismo y Generación del 98.
- La Generación del 14 o novecenticismo. Las vanguardias.
- La Generación del 27.
- Poesía, narrativa y teatro de posguerra.
- La literatura desde 1975.

## 4. Criterios de avaliación

- Identificar as categorías gramaticais e comprender o seu funcionamento na organización do discurso desde o punto de vista da forma e do significado (a orde das palabras e os diversos tipos de relacóns que se establecen entre elas).
- Coñecer e utilizar para o enriquecemento das súas produccíons textuais as relacóns que se establecen entre as palabras según os seus significados.
- Coñecer o funcionamento da lingua como un sistema e identificar as súas unidades en cada nivel: os sons, as grafías, as sílabas e as palabras, os sintagmas e as oracíons. Coñecer e aplicar ás súas produccíons textuais as normas ortográficas e sintácticas dos sistema lingüísticos castelán e galego.
- Elaborar conclusíons propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos, respondendo a diferentes propósitos de lectura.

- Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.
- Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos.
- Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.
- Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.
- Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e paradigmas, a interpretación de fragmentos ou obras completas, tendo en conta a análise das relacións entre os seus elementos constitutivos co sentido da obra e os trazos xeráis da configuración dos xéneros e subxéneros literarios.
- Recoñecer as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, identificando as nocións básicas das linguas, tanto de España como as que forman os repertorios lingüísticos do alumnado, e contrastando algúns do seus trazos en manifestacións orais, escritas e multimodais.
- Identificar prejuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna.
- Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua e a manipulación a través da palabra, a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.

## **5. Concrecións metodolóxicas**

O Ámbito da Comunicación pretende desenvolver de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que permitan acadar ao alumnado os obxectivos da etapa. Isto require partir do nivel

competencial previo do alumnado para acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e aplicable á realidade. No ensino de adultos á avaliación inicial é especialmente importante, porque habitualmente que nos grupos coincide alumnado con moi diversas circunstancias e competencias reais. Aínda que se pretenda deseñar unha metodoloxía activa, que estimule a dimensión investigadora do alumnado, a través de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, é frecuente que moitos destes alumnos/as precisen dun maior acompañamento e guía. Por esta razón será necesario deseñar métodos diferenciados que den resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe.

A división do currículo da ESA en ámbitos de coñecemento propicia o tratamiento interdisciplinar e coordinado das materias, neste caso lingüísticas, de forma que o alumnado poida relacionar e extrapolar os coñecementos adquiridos no estudo das tres linguas, evitando, ademáis repeticións tediosas.

No ámbito de comunicación terán un papel destacado todas as actividades deseñadas para fomentar a mellora da comprensión lectora e por tanto, o hábito lector:

-Lectura de textos de diferentes xéneros discursivos para captar a información esencial, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta comprensión, recoñecer a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura e interpretar os fragmentos propostos tendo en conta as súas características formais e temáticas.

- Lectura comprensiva e expresiva de textos pertencentes aos distintos xéneros literarios (lectura compartida, recitado de poemas, dramatización de textos dialogados), acompañados de estratexias de comprensión lectora, como a aclaración dos propósitos de lectura, a activación dos coñecementos previos dos estudiantes, a atención aos contidos principais do texto e a formulación de predicións de lectura.

- Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

- Exercitación de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios e non literarios a través de tarefas secuenciadas e guiadas referidas á forma e ao contido dos fragmentos propostos.

## 6. Materiais e recursos didácticos

- Materiais didácticos elaborados ou facilitados polo profesorado.
- Unidades didácticas de Educación para persoas adultas da Consellería de Educación.
- Vídeos e presentacións. Recursos da biblioteca do centro.
- Selección de fragmentos, textos ou obras completas de lectura.
- Boletíns con actividades de reforzo, ampliación ou recuperación.

- As aulas dipoñen de ordenador conectado a unha pantalla dixital.

## 7. Criterios de cualificación e recuperación

### - Criterios de cualificación

- En cada unha das dúas avaliacións realizaranse varias probas escritas.
- Nestas probas escritas avaliaranse as actividades traballadas nas aulas, incluíndo as lecturas e a comprensión e produción de textos de diversa tipoloxía, non só literarios.

### - 1<sup>a</sup> avaliación: 12 de abril / 2<sup>a</sup> avaliación e final: 10-12 xuño

- A cualificación en Lingua Castelá e Literatura e Lingua Galega e Literatura en cada unha das dúas avaliacións será a media aritmética das obtidas nas probas obxectivas escritas.
- A cualificación final será a media das cualificacións das dúas avaliacións.
- Ás cualificacións de cada avaliación e ás finais aplicarase un redondeo á alza a partir do número enteiro seguido de 0,51.

- A calificación definitiva do Ámbito de Comunicación establecerase ponderando as cualificacións de Lingua Castelá, Lingua Galega e Primeira Lingua Extranxeira segundo as seguintes porcentaxes:

Lingua castelá e literatura	70%
Primeira lingua extranxeira (inglés)	30%

### - Criterios de recuperación

- Despois da primeira avaliación, e antes da avaliación final, o alumnado poderá realizar probas de recuperación das partes suspensas.
- O alumnado de ESA 3 que non acade avaliación positiva no Ámbito de Comunicación (coma en calquera outro) poderá matricularse condicionalmente no módulo 4, pero para poder ser avaliado deste módulo 4 deberá superar a materia do módulo 3 na avaliación

extraordinaria de maio, que será convocada segundo o calendario que determine xefatura de estudos (arredor do 24 de maio).

- A segunda avaliación e Final do Módulo 4 terá lugar entre o 10-12 de xuño. O alumnado que non supere a materia nesta convocatoria ordinaria, poderá presentarse á convocatoria extraordianaria que se convocará segundo calendario de xefatura de estudos (arredor do 21 de xuño).